

25.05.02

# “Airiños de Fene” actúa en agosto nun prestixioso festival de Barcelona

**Redacción • Ferrol**

No ano do XV aniversario da fundación “Airiños de Fene”, a entidade folclórica está a vivir a súa etapa máis creativa. Días atrás a entidade de Fene foi seleccionada para participar na XXII edición do Festival Internacional de Música Tradicional e Popular de Vilanova i la Geltrú (Barcelona).

Esta cita está considerada como unha das máis importantes da música popular celebrados en Cataluña. O pasado ano participaron artistas da talla de Milladoiro, Hevia, Amancio Prada e Sharon Shanon. “Airiños de Fe-

ne” actuará os días 19 e 20 de xullo.

O pasado mes de febreiro a agrupación musical de Fene presentou o seu primeiro traballo discográfico, titulado “Identidade”. Este cedé presentouse nos estudos “Cormorán” de Milladoiro, acaando ata esta data un recoñecemento pola súa calidade e variedade.

Nos próximos meses “Airiños de Fene” seguirá actuando por diferentes localidades de Ferrolterra e Galicia, como Betanzos, Arteixo ou Carnota. Entre as presentacións máis destacadas, o día tres de agosto estarán na Festa da Carballeira de Zas.